

Certificado

M^a Pilar Cela Alvarez, secretaria accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

C E R T I F I C O:

Que na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o día 24 de maio de 2023, adoptouse o acordo seguinte:

“Punto 6.- Aprobación, se procede, da concesión de subvención directa ó Club Hércules XTRM para organización da travesía a nado “Costa Oleiros”

“I.- Exposición de motivos

A planificación do deporte municipal en Oleiros ten o seu eixo vertebrador en dúas liñas de actuación que podemos considerar como base na que se fundamenta a política deportiva local. Por unha parte o desenvolvemento de programas propios de actividades físicas e deportivas e por outra parte a xestión de instalacións deportivas que dan soporte ás estruturas dos clubs deportivos. Ambas son unha garantía para consolidar os eidos da formación deportiva, a saúde e a competición tanto a nivel federado como popular.

Sen embargo, existe unha terceira vía que forma parte tamén dos sistemas deportivos no eido local e que son as actuacións que se promoven desde a iniciativa do propio tecido asociativo, fundamentalmente clubs deportivos.

A iniciativa de clubs e asociacións deportivas que promoven e realizan múltiples eventos que non só teñen a finalidade de enriquecer os calendarios de competición de distintas modalidades, senón que tamén teñen repercusións e beneficios desde o punto de vista turístico e comercial, e polo tanto teñen tamén un potencial retorno económico para os concellos.

II.- Circunstancias que xustifican as condicións excepcionais para a concesión da subvención:

➤ **Interese deportivo:** A travesía “Costa Oleiros” organizada polo Club Hércules XTRM, considérase unha proba de grande interese deportivo, xa que forma parte do Circuito de Travesías Costa, que é o maior Circuito de Travesías en Augas Abertas da península, moi respectado no sector deportivo nacional. A proba de Oleiros é proba puntuable da liga Galega de Augas Abertas na súa distancia 6.000 m, situando a mesma como un referente galego e nacional.

A proba consiste na realización de 3 posibles distancias:

- a) Travesía Larga (6.000 metros): A realizar entre Mera e a praia de Santa Cristina en Perillo.
- b) Travesía Media (3.000 metros): A realizar entre a praia de Santa Cruz e a praia de Santa Cristina.
- c) Travesía Curta (2.000 metros): A realizar entre Bastiagueiro e a praia de Santa Cristina.

➤ **Alta participación:** A participación prevista polos organizadores é de 375 nadadores e nadadoras. Setemos en conta que por cada nadador neste tipo de proba hai habitualmente

Unha media de 2 persoas asistentes ao evento, ben familiares ou afeccionados, teremos unha mobilización que pode estar ao redor das 750 persoas.

➤ **Interese económico e turístico:** Por outro lado, dado que parte dos participantes proceden doutras zonas de Galicia, do resto do estado e incluso fora do mesmo, a repercusión na ocupación hoteleira e de restauración será moi importante, e polo tanto o retorno económico que tería o investimento do concello tería un efecto multiplicador sobre a economía local.

Por último, trátase dunha proba cun gran impacto mediático nos máis importantes medios de comunicación e redes sociais, polo que consideramos que ten unha gran importancia na proxección da imaxe e coñecemento do concello noutras partes de España.

III.- Antecedentes

1.- En data 17/04/2023 foi presentada polo Club Hércules XTRM unha solicitude de subvención directa para o desenvolvemento da Travesía Costa Oleiros, por importe de 1.500 euros. (Rexistro Entrada nº 2023006518). En data 02/05/2023 presentou documentación complementaria da mesma(Rx.Entrada nº 2023007786).

2.- Por esta Concellería ordenouse -mediante providencia de data 09/05/2023- a incoación do procedemento e solicitouse da Unidade xurídica que se efectúen as comprobacións de que o Club está ao corrente nas súas obrigas coa AEAT, TGSS e Concello de Oleiros, e asemade que se emita informe xurídico relativo ao procedemento e ao contido necesario do acordo de concesión.

IV.- Fundamentos

1º.- Xunto coa solicitude, a entidade solicitante presentou a seguinte documentación, que foi incorporada ao expediente:

- ✓ Declaración acreditativa de non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade.
- ✓ Declaración acreditativa de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social, e Concello de Oleiros, e que autoriza a este a solicitar de oficio as consultas de atoparse ao día nas mesmas.
- ✓ Certificación do acordo da xunta directiva de solicitar a subvención, e nomeamento do representante para este procedemento.
- ✓ Declaración relativa ao requisito previsto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil.
- ✓ Certificación da conta bancaria

2º.- En data 11/05/2023 foi emitido o informe da responsable da Unidade Xurídica -que se incorpora ao expediente- no que se detalla o contido que debe ter o acordo de concesión e a normativa aplicable.

Asemade, incorporáronse ao expediente informes da TGSS, da AEAT e da Recadación Municipal, relativos a que dita entidade está ao corrente nas súas obrigas.

V.- Con base nos antecedentes e fundamentos sinalados, **PROPONSE á Xunta de Goberno Local:**

Primeiro.- Conceder ao CLUB HÉRCULES XTRM, con CIF G70404967, a cantidade de 1.500,00 euros (mil cincocentos euros), en concepto de axuda ao desenvolvemento da Travesía Costa Oleiros, que forma parte do Circuito Galego de Augas Abertas 2023 que se celebrará no mes de xullo deste ano.

Segundo.- Autorizar e dispoñer un gasto de 1.500,00 euros para a finalidade sinalada.

Terceiro.- As condicións desta subvención son as seguintes:

1. Importe: 1.500,00 euros
2. Aplicación orzamentaria: 81.341.48901. "Deportes. Prom. e fom. Outras transf. a entidades sen fin de lucro".
3. Coeficiente de financiamento: 100%.
4. Compatibilidade: Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.
5. Pagamento: Opagoda subvención efectuarase unha vez aprobada a xustificación.
6. Obrigas da entidade subvencionada:
 - a) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos.
 - b) Publicidade: Facer constar na totalidade da publicidade que realice da actividade subvencionada, por calquera medio, que a mesma conta con subvención do Concello de Oleiros, sinalando o importe e o concepto. A estes efectos, deberá publicitar na súa páxina web a a concesión da subvención, concepto e importe no momento no que o coñezan. Asemade, deberá incluír como elemento sinalizador na propia realización da

proba, unha pancarta (ou elemento semellante) co texto “actividade subvencionada polo Concello de Oleiros”, acompañada na mesma do logotipo municipal. Dita pancarta deberá de ter unhas dimensións mínimas de 3 m x 1 m., e o seu coste correrá a conta da entidade beneficiaria.

c) Presentar a conta xustificativa no prazo e do xeito que sinala no parágrafo seguinte.

7.- Xustificación:

a) O prazo de xustificación das axudas será de UN MES contado a partir da data de realización da proba.

b) A conta xustificativa constará dos seguintes documentos:

- Memoria detallada da realización da actividade.
- Declaración responsable do Presidente de que os fondos percibidos foron destinados ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e de que o importe da axuda non excede de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.
- Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
- Acreditación da publicidade feita.- enlace á web onde conste a publicidade e fotografías do evento onde se vexan os elementos publicitarios solicitados.
- Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e o xustificante de telos aboados.

Cuarto.- O réxime de concesión, xestión, xustificación, control financeiro, infraccións e sancións desta subvención axustarase ao regulado na normativa estatal e autonómica sobre subvencións públicas, así como o regulado ao respecto nas bases de execución do orzamento.”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o artigo 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), de orde e co visto e prace do alcalde e coa advertencia á que fai referencia o artigo 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretaria accidental, na data que figura na propia sinatura deste documento.-